

ANUNCIO 1/2024 : AXENCIA DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL DO CONCELLO DE CARTELLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

1. TR341Q – BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMOAS. DOGA DO 29/01/2024.

A subvención do bono das persoas autónomas poderase conceder para a mellora da competitividade da actividade empresarial das persoas beneficiarias desta orde, unha subvención do 60 % da actividade que se vai subvencionar, cun límite máximo de 7.000 euros de axuda polo conxunto de actividades subvencionables, sendo o resto do gasto por conta da persoa beneficiaria.

Prazo de presentación: ata o 30/09/2024

2. TR341D – PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO. DOGA DO 09/01/2024

A finalidade deste programa é a concesión de 2 liñas de axuda económica a aquelas persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como traballadoras autónomas ou por conta propia, para facer fronte aos distintos gastos xerados no comezo e mantemento da súa actividade laboral. Ao abeiro desta orde subvencionaranse as altas na Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional e os gastos de mantemento da actividade, que, cumprindo os requisitos e condicións establecidas nela, se formalicen desde o 30 de setembro de 2023 ata o 29 de setembro de 2024, ambos inclusive.

Establécense 2 liñas de axudas: a) Liña 1: unha axuda para o inicio da actividade económica e mantemento do emprego como persoa traballadora autónoma. b) Liña 2: unha axuda para sufragar os gastos do mantemento da actividade por conta propia, equivalente a 12 meses da contía da cota reducida regulada no apartado 1 do artigo 38.ter da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.

Prazo de presentación: ata o 30/09/2024

3. TR790A - PROGRAMA NOVA OPORTUNIDADE DAS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS. DOGA DO 22/01/2024

Obxecto: Establécese unha modalidade de axuda para as persoas traballadoras autónomas que cesaron na súa actividade e van volver emprender un negocio como persoas traballadoras autónomas e son demandantes de emprego no momento previo á nova alta como persoa traballadora autónoma

Prazo: ata o 31/10/2024

4. TR349F - PROGRAMA DE AXUDAS A PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA E A FORMACIÓN DE PERSOAS ASALARIADAS. DOGA DO 29/01/2024

Obxecto: Incentivar a contratación indefinida inicial e á formación de persoas desempregadas realizadas polas persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais con domicilio fiscal na Comunidade Autónoma de Galicia

PRAZO: ATA 30/09/2024

AXENCIA INSTITUTO ENERXETICO DE GALICIA

5. IN417Z - SUBVENCIÓNS PARA PROXECTOS DE MELLORA ENERXÉTICA NAS EMPRESAS - PROGRAMA BONO ENERXÍA PEME. DOGA DO 29/11/2023

Obxecto: subvencionanse inversións en equipamentos consumidores de enerxía ou elementos que contribúan a unha xestión enerxética eficiente destinadas a pemes e autónomos do sector servizos dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Prazo: ata 26/06/2024

6. IN414C - SUBVENCIÓNS RENOVACIÓN DE ELECTRODOMÉSTICOS. DOGA DO 12/01/2024

Subvencións para a renovación de electrodomésticos en vivendas ubicadas en Galicia por parte de persoas físicas que cumpran cos requisitos e condicións establecidos no articulado da resolución da convocatoria. Para ser beneficiarios terán que tramitar a súa solicitude a través dalgunha das entidades colaboradoras adheridas que figuren na listaxe que se publique na páxina web do Inega, www.inega.gal

Prazo: 08/02/2024 ata o 30/09/2024

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

7. PR487A - SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DENTRO DO PLAN ESPECÍFICO DE ACCIÓN COMUNITARIA DESTINADO A ASOCIACIÓNS VECIÑAIS, CONFEDERACIÓNS, FEDERACIÓNS OU UNIÓNS DE ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS, COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS E ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA. DOGA DO 29/01/2024.

Obxecto: As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto o outorgamento de axudas específicas para investimentos destinadas ás asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia, coa finalidade de contribuír a mellorar a calidade da vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal. Ao abeiro desta orde poderán subvencionarse os gastos ocasionados como consecuencia de investimentos realizados en inmobles de titularidade da entidade solicitante ou sobre os cales teña un dereito de uso por convenio ou por calquera outro título, así como equipamentos necesarios para o seu funcionamento, todos eles orientados ao cumprimento dos fins da entidade e o seu funcionamento ordinario, e as obras nas traídas de auga comunitarias.

PRAZO: ATA O 29/02/2024

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

8. RESOLUCIÓN DO 18 DE DECEMBRO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DO PROGRAMA DE AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA, CON FINANCIAMENTO PLURIANUAL, PARA O ANO 2024 (CÓDIGOS DE PROCEDIMENTO VI483C E VI483D). DOGA DO 11/01/2024

Subvencións do Programa de axudas ao alugamento de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia, para facilitar o goce dunha vivenda en réxime de alugamento a sectores de poboación con escasos medios económicos, mediante o outorgamento de axudas directas ás persoas arrendatarias.

Prazo: ata 29/02/2024

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

9. MR443A - AXUDAS PARA O FOMENTO DA CONTRATACIÓN DOS SEGUROS AGRARIOS.

Axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios incluídos no Plan de seguros agrarios combinados para o exercicio 2024 e convocadas para o mesmo ano, ao abeiro do previsto no Decreto 332/1995, do 27 de decembro, polo que se establecen na Comunidade Autónoma galega axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios.

Prazo: aberto todo do ano

INSTITUTO DE ESTUDIOS DO TERRITORIO

10. MT402A - PROGRAMA DE AXUDAS PARA ACTUACIÓNS DE CORRECCIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS DESTINADAS A PARTICULARES. DOGA DO 15/01/2024. AXUDAS PARA REMATE DE FACHADAS EN VIVENDAS

PRAZO: ATA O 15/02/2024.

AXENCIA TURISMO DE GALICIA

11. TU503A - SUBVENCIÓNS PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DOS ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS DE ALOXAMENTO E DE RESTAURACIÓN. DOGA DO 17/01/2024

Obxecto: A mellora da infraestrutura turística da Comunidade Autónoma de Galicia mediante a incentivación para a mellora das infraestruturas dos establecementos de aloxamento turístico e de restauración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Prazo: ata 19/02/2024

Cartelle, 30 de xaneiro de 2024

Asdo.: o AEDL



Miguel Angel Martínez Armada